

¿Necesitas
asesoramento para
consolidar o teu
proxecto?

¡Participa!

¿Queres acceder
a fondos de
inversión
públicos e
privados?

O FINANCIAMENTO CON CRITERIOS DE INVERSIÓN RESPONSABLE

Un dos motores que está facendo avanzar a actividade empresarial en dirección á sustentabilidade é o **financiamento con criterios de inversión responsable**. O aliñamento das políticas sobre as cuestións ambientais, sociais e de goberno (ASG) entre investidores e empresas xa é unha realidade para o acceso ao capital financeiro.

Xa sexa participando no capital das empresas, como financiando os seus proxectos de investimento, o capital risco inflúe na xestión da empresa e busca garantías de comportamentos responsables en cuestións de ASG, á vez que rendibilidade razoable, porque saben que teñen impacto no desempeño do investimento.

Unha empresa que identifica e xestiona os seus riscos e as súas oportunidades nestas cuestións a longo prazo e que o comunica axeitadamente, daralles unha imaxe máis completa aos investidores sobre o seu valor potencial.

Polo tanto, **para unha empresa na procura de financiamento, é esencial saber que tamén será analizada por esas cuestións**. Traballar para identificar as que sexan relevantes na súa actividade, integrar a xestión de riscos e preparar a comunicación neste sentido é clave para estar en mellor posición.



Iniciativas Responsables



Socialmente



Ambientalmente



Inversión

www.inversionresponsable.org

Data e hora.

Ao longo do mes de outubro de 2015. *Pendente de confirmar*

Lugar.

Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNT). Rúa Airas Nunes,
s/n – Conxo. 15.702 Santiago de Compostela

Prezo. Gratuito

Inscripcións.

info@inversionresponsable.org

Se tes un proxecto, buscas financiamento e incorporas
criterios de sustentabilidade e responsabilidade
corporativa, interésache este programa

Programa para o apoio ao investimento responsable en empresas

Formación e asesoramento en sustentabilidade,
responsabilidade corporativa e realización da 1ª lonxa
galega de investimento responsable



Buscas
financiamento
para o teu
proxecto?

PROGRAMA DE
Formación
+
Tutorización
+
Networking

LONXA DE
INVERSIÓN
Participación
na 1ª Lonxa de
inversión
responsable

Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia.
Santiago de Compostela
Outubro \ Novembro de 2015

XUNTA DE GALICIA

Que é...

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, dentro das accións en materia de responsabilidade social empresarial (RSE) que vén desenvolvendo, e o Igape están a promover accións de información, formación e acompañamento para axudar a que **as empresas afonden nos aspectos ambientais, sociais e de goberno (ASG) dentro das súas estratexias e proxectos, e na maneira de comunicalos**, de xeito que se acheguen ás políticas de investidores responsables, **o que mellorará a súa competitividade e as súas oportunidades en roldas de financiamento**.

Para quen...

As accións van dirixidas a **promotores de proxectos, directores e responsables de área en micropemes e pemes, en fase de creación, crecemento ou consolidación** e que ademais:

- Estean comprometidas e saiban que poden crear valor para os seus accionistas, clientes, usuarios, provedores, comunidade etc.
> **valor compartido**
- Estean interesadas na sustentabilidade e a RSE como factor de competitividade ou que necesiten reinventarse mediante procesos de **innovación social**.
- Conten con proxectos de **internacionalización** interesados en financiarse para acceder a novos mercados ou poñer en marcha novos proxectos, especialmente en **economías emerxentes**.
- Teñan actividade en **sectores intensivos** en recursos humanos e naturais, xestión de residuos, enerxía, auga ou territorio, ou con impacto na comunidade.

... e para que: Obxectivos

- Coñecer como facer a **integración estratéxica de criterios de sustentabilidade e responsabilidade corporativa** na xestión da túa empresa.
- Saber como **comunicar as cuestións ambientais, sociais e de goberno corporativo** (ASG) en especial de cara aos investidores.
- Preparar o proxecto empresarial para que sexa **atractivo para os investidores**.
- Prepararse para **participar na primeira rolda de financiamento no contexto do investimento responsable** que organiza o Igape, que se celebrará en Galicia durante o presente ano e no que quedan inscritas de xeito automático.



Programa...

1. Acción formativa ✓

- **Estrutura:** dúas sesións formativas presenciais de 10 horas en total que se van a celebrar en Santiago de Compostela.
- **Finalidade:** Formar en aspectos que axuden a integrar de xeito estratéxico os criterios de sustentabilidade na xestión da empresa, identificando novos riscos e oportunidades así como os aspectos que cómpre mellorar na súa comunicación, de cara a súa presentación en roldas de financiamento.
- **Módulos formativos:** están previstos tres módulos formativos.
 - M1:** Integración estratéxica de criterios de sustentabilidade e responsabilidade social na xestión de empresas e proxectos.
 - M2:** Comunicación do desempeño. Iniciativas e estándares para o reporte.
 - M3:** Habilidades de comunicación e presentacións eficaces ante investidores.
- **Profesorado:** Acción formativa impartida por profesionais da sustentabilidade e a comunicación, con experiencias concretas e prácticas en diferentes sectores da actividade empresarial.
- **Datas e Lugar:** durante o mes de outubro de 2015 no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNT) en Santiago de Compostela. Datas por concretar.

2. Tutorización personalizada ✓

Os participantes contarán cun servizo de tutorización personalizado para axudalos a abordar casos concretos na xestión da súa empresa e na preparación do seu proxecto de cara a participación na primeira rolda galega de **financiamento no contexto do investimento responsable**. Empregaranse videoconferencias e outras ferramentas TIC para o desenvolvemento da tutorización.



3. Lonxa de Investimento Responsable ✓

- **Finalidade:** poñer en contacto a pemes con proxectos de investimento e investidores comprometidos con criterios responsables e de desenvolvemento sostible.
- **Duración:** unha xornada de mañá e tarde a celebrar en Santiago de Compostela.

Programa:

09:00 h. Recepción

09:20 h. Benvida institucional

09:45 h. Presentación de caso de éxito de investimento responsable

10:15 h. Rolda de presentacións I

11:15 h. Café networking

11:45 h. Rolda de presentacións II

13:00 h. Mesa redonda:
Claves e aspectos principais que valoran as entidades de investimento en cuestións non financeiras

13:45 h. Clausura

14:00 h. Fin da xornada de mañá

14:00 – 15:30 h. Working lunch

15:30 h. Sesión de networking
Reunións bilaterais de 20 – 25 minutos entre promotores de proxectos e entidades de investimento

17:30 h. Finalización da sesión de networking

Participa...

Ata o 22 de setembro de 2015 podes enviar a túa solicitude de interese ao enderezo: **info@inversionresponsable.org** facilitándonos:

- nome da empresa
- datos de contacto
- motivación concreta para participar
- contía estimada e breve descrición das necesidades de financiamento
- aspectos prácticos: nome e cargo de quen ten previsto participar (1 ou 2 persoas por empresa)

Unha vez recibidas, seleccionaranse ata 12 empresas/proxectos con base nos seguintes criterios:

- *2 puntos por axuste a cada un dos perfís citados no apartado para quen: medio (1), alto (2)
- *4 puntos por concreción da motivación (2) e a descrición das necesidades de financiamento (2)
- *en caso de igualdade, por data de inscrición